



## FICHA RESUME

PE 403A 2008/25-5

Ano	2009
Entidade	CONFRARÍAS DE PESCADORES DE PONTEVEDRA, LOURIZÁN, RAXÓ, SANXENXO E MARÍN.
Plan explotación <sup>(1)</sup>	PLAN ESPECIFICO DE EXPLOTACIÓN CONXUNTO DE MOLUSCOS BIVALVOS
Réxime <sup>(2)</sup>	ZONA LIBRE MARISQUEO
Modalidade <sup>(3)</sup>	MARISQUEO DENDE EMBARCACIÓN

Especies	Ameixa fina ( <i>R. decussatus</i> ), ameixa babosa ( <i>V.pullastra</i> ), ameixa rubia ( <i>V.rhomboides</i> ), ameixa xaponesa ( <i>R.philippinarum</i> ), ameixa bicuda ( <i>V.aurea</i> ), berberecho ( <i>C.edule</i> ), reloxo ( <i>D.exoleta</i> ), cornicha ( <i>S.solida</i> ), carneiro ( <i>V.verrucosa</i> ) e ostra plana ( <i>O.edulis</i> ).
Ambito do plan	Parte interna da liña imaxinaria que une punta Santa Mariña, na beira norte da ría de Pontevedra, coa esquina noroeste do convento sito en punta Placeres, na zona sur da Ría.
Subzonas de explotación	Río Lérez: de Ponte da Barca a balizas norte e sur. Os Cantís: dende o faro norte á metade do peirao novo de Combarro. A Brensa Os Aguillóns: dende Punta Aguillóns ata o peirao novo de Combarro. Os Cantís de Raxo: dende punta Aguillóns ata Punta Santa Mariña Placeres-Lourizán. O límite SE do banco é a liña imaxinaria que vai dende a punta máis externa da escollera sur do canal a Punta Placeres. Illa de Tambo Norte: de Punta Corbeiro a Peirao do Tenlo cara oriental Illa de Tambo Sur: de Punta Corbeiro a Peirao do Tenlo cara occidental e meridional.

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	122	
Ampliación do número de permex <sup>(4)</sup>		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		150										
Época y zona probable de extracción <sup>(5)</sup> : de xaneiro a setembro e novembro a decembro. Poderá traballarse da 2ª quincena de abril á 2ª quincena de xuño de xeito rotatorio en 5 zonas de 2-3 días/semán se as entidades o aceptan.												
Modalidade <sup>(3)</sup> : dende embarcación												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X		X	X	

Topes de captura:



ESPECIES	UNHA ESPECIE				DÚAS/ TRES ESPECIES
Ameixa fina	7				$\sum 7$
Ameixa babosa		7			$\sum 7$
Ameixa rubia			20		$\sum 10 \times 2$
Berberecho				20	$10/15^1$
Reló	Establecerase na resolución de apertura				
Carneiro	20	20	20	20	20
Ameixa xaponesa	10	10	10	10	10
Ameixa bicuda	10	10	10	10	10
Cornicha	5	5	5	5	5
Ostra plana	$35^2$	$35^2$	$35^2$	$35^2$	$35^2$

(<sup>1</sup>). En determinados bancos e épocas, poderase extraer 15 kg de berberecho e 2 de ameixa fina e babosa

(<sup>2</sup>). Unidades.

No caso da ameixa rubia, establececese como equivalencia para os efectos dos topes a relación 1kg/2kg entre ameixa fina, babosa e ameixa rubia.

**Para a posible explotación do reló deberá agardarse ao que indiquen os resultados do estudo que se está a levar a cabo.**

Artes a empregar	Rastro con separación entre variñas de 16 mm
------------------	--

Puntos de control	Embarcación na zona de produción e lonxa de Campelo.
Puntos de venda	Lonxa de Campelo.

Accións a realizar ( <sup>7</sup> )	Épocas probables ( <sup>8</sup> )											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: río Lérez, Combarro, Campelo												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembr</b>		X	X	X	X	X	X					
Zonas: todos os bancos												
Especies: todas as especies incluídas no plan												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>		X	X	X	X	X	X					
Zonas: todos os bancos												
Especies: todas as especies incluídas no plan												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>		X	X	X	X	X	X					
Zonas: todos os bancos												
Especies: todas as especies incluídas no plan												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>		X	X	X	X	X	X					
Zonas: todos os bancos												
Especies: todas as especies incluídas no plan												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>		X	X	X	X	X	X					
Zonas: todos os bancos, mediante o emprego de raños ou ganchas, rastros.												



	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>		X	X	X	X	X	X					
Control de depredadores de moluscos bivalvos empregando nasas												

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

ÁMBITO DO PLAN: dende o ano 2006 as confrarías de Sanxenxo, Raxó, Lourizán, Pontevedra e Marín presentan un plan conxunto de explotación de marisqueo a flote. Con anterioridade as confrarías de Portonovo e Marín estaban incluídas no plan conxunto de marisqueo a flote xunto coa confraría de Bueu e Portonovo. O ámbito dos plans de explotación aprobados dende o ano 2006 a 2008 non variaron, aínda que si o fixeron as entidades que os presentaban. Así, nas propostas da Dirección Xeral de Recursos Mariños para a aprobación dos plans de explotación presentados polas confrarías de Sanxenxo, Pontevedra, Raxo, Lourizán e Marín dende o ano 2006 indicábase que "*mentres non se consensúe un cambio de área, a zona de produción do plan de explotación do fondo da ría de Pontevedra debería ser a mesma.*"

En relación coa proposta de zona sometida a plan que figura no plan de explotación para o ano 2009, e considerando que:

1. No plan presentado para o ano 2009, a descrición da zona sometida a plan e das zonas de produción (apartado 1.5) inclúe as áreas de marisqueo que quedan hacia dentro da liña imaxinaria que une Punta Vicaño e Punta Lapamán (tal e como se observa no plano que se presentou co plan). Sen embargo **as coordenadas xeográficas dos bancos explotados e o mapa que os reflicte só inclúen as zonas de traballo que se explotaban tradicionalmente ata o ano 2005, así como as aprobadas nos plans de explotación dende o ano 2006 ao 2008.**
2. Por tratarse de zonas de libre marisqueo, calquera modificación na área de produción do plan de explotación do interior da ría de Pontevedra, debería **presentar a conformidade de tódalas entidades que tradicionalmente faenaban na zona de explotación ou no seu caso a renuncia de cada unha delas** de acordo co disposto na Lei 6/1993, de 11 de maio, de Pesca de Galicia (artigo 42).
3. O artigo 46.5 do Decreto 261/2002, do 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións, establece que o alcance xurídico da determinación do ámbito territorial afectará *unicamente á determinación do territorio para a afiliación dos membros das confrarías, non tendo a consideración de dereito preferente para a explotación dos recursos mariños ou marisqueiros, agás nos casos que legalmente se lle atribúa outro alcance.*

Apróbase como zona de traballo a mesma que en anos anteriores, é dicir: **parte interna da liña imaxinaria que une Pta. Santa Mariña, na beira norte da Ría de Pontevedra coa esquina noroeste do convento sito na Punta Placeres, na zona sur da Ría.**

En relación coa zona de traballo cómpre sinalar que da información dispoñible despréndese que a confraría de Raxó non ten autorizacións nin concesións, e a confraría de Pontevedra ten unha autorización de 289.000 m<sup>2</sup> no distrito marítimo de Sanxenxo e Marín.

PARTICIPANTES: De acordo cos datos que figuran na delegación territorial de Vigo, de data 05.11.2008, hai 122 embarcacións asociadas as entidades e coa arte de marisqueo Z2, polo que as seguintes embarcacións deben ser excluídas do plan de explotación:

- A embarcación BELEN VI-1-1829, non ten permiso de explotación en vigor.
- A embarcación CARMEN VI-2-0907 foi aportada como baixa para a nova construción



MARA CO-7-21-05 que está asociada á confraría de Noia.

- (\*)
- A embarcación MARY MAR VI-1-1772: no posúe a arte de marisqueo no seu permiso de explotación.

Por outra banda, a embarcación ISA CUATRO VI-1-7/95 foi aportada como baixa para a nova construción NOVO ISA VI-1-9-05, que é a que debe ser incluída no plan de explotación.

Finalmente, indicar que a embarcación MARIA JOSE VI-2-2179 non está incluída no plan, sen embargo ten a arte de marisqueo Z2 e está asociada á confraría de Lourizán.

CALENDARIO: Acéptase a proposta de non realizar a veda habitual de 2 meses **sempre e cando dividan os bancos en 5 zonas, se traballen 2-3 días de cada semana na mesma zona e se deixe descansar catro semanas seguidas**. As condicións de traballo para esta época deberán ser aceptadas expresamente mediante escrito asinado polas entidades. De non ser así, deberá respectarse a veda habitual de 2 meses entre a segunda quincena de abril e a primeira de xuño nos bancos de Placeres, Cantiles, Tambo e cantís de Raxó.

TOPES DE CAPTURA: Á vista da captura por unidade de esforzo de campañas anteriores, os topes de ameixa fina e babosa redúcense quedando tal e como figuran nesta ficha.

Acéptase a medida proposta relativa ao sistema de control, de xeito que as embarcacións que iniciada a actividade se aproximen a terra a recoller máis tripulantes deberán pasar antes polo punto de control e non poderán levar a bordo (nese momento), maior captura que a correspondente aos tripulantes que ata ese momento estiveran na embarcación.

A petición de solicitar a apertura simultánea de dúas áreas de traballo, podendo cambiar de zona en función dos prezos acadados ou das condicións do mar xa foi posta en práctica dende o ano 2006, polo que non se atopa inconveniente a súa realización, sempre e cando exista informe favorable de biotoxinas para ambas zonas no día de extracción, así como que sexa comunicado vía fax á delegación territorial. Por outra banda, no caso de pechar unha zona por acadarse prezos en lonxa inferiores ao establecido no plan o día anterior, tamén deberá ser comunicado á delegación territorial a efectos de control da actividade e de non contabilizar ese día como autorizado no cómputo de días traballados no plan.

A retirada de estrelas con técnicas de mergullo require da correspondente autorización de intervención subacuática desta Consellería, segundo o establecido no artigo 3º e 4º da Orde de 23 de abril de 1999 pola que se regula o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola Orde de 13 de xuño de 2001.

A realización de limpeza en fins de semana non poderá ser realizada empregando as embarcacións do plan de explotación ou outras embarcacións de pesca, dado que debe respectarse o descanso semanal establecido no Decreto 419/1993, de 17 de decembro. Polo tanto, os traballos de semicultivo polas embarcacións do plan, so poderán realizarse de luns a venres.

O control de depredadores mediante o emprego de nasas deberá ser autorizado pola delegación territorial. O emprego de nasas para labores de semicultivo respetará o horario establecido no artigo 60º.2 do decreto 424/1993, ademais serán balizadas mediante boias que indicarán de forma visible a entidade á que pertencen e o tipo de acción que están a realizar (control de depredadores). As capturas incidentais de especies distintas aos depredadores serán devoltas



ao mar inmediatamente despois de ser capturados

Os aspectos que pretenden regular a incorporación de embarcacións ao plan de explotación no caso das transmisións e traslados de permisos de explotación, están sometidos á seguinte normativa pesqueira: Orden de 6 de abril de 2004, pola que se regulan os procedementos de expedición, renovación, traslado e transmisión dos permisos de explotación para embarcacións e Orden de 26 de outubro de 2004 pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que faenen en augas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente á delegación territorial, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

No apartado 5.9 do plan, figuran normas de obrigado cumprimento, sen embargo non se indica quen incoará os expedientes sancionadores, nin cómo será o procedemento. Recoméndase que antes de poñer en práctica este réxime disciplinario consulten coa axente de extensión o seu desenvolvemento.

Deben presentar a aprobación do plan de explotación polo órgano competente da entidades (excepto a confraría de Raxó) , así como a sinatura dos representantes legais das confrarías de Sanxenxo e Marín, que foron requiridas en data 04.11.2008.

- 
- (1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...
  - (2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo
  - (3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire
  - (4): Indicar en negrita o que corresponda
  - (5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15....
  - (6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,....
  - (7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos
  - (8): Marcar un X no recadro do mes correspondente
  - (9): Este apartado corresponderalle cubriilo á administración
-